**CONCELLO DE VIGO**
Intervención General
Tlfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

**Asunto: Informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda con motivo da liquidación orzamentaria do exercicio 2019 (expte. 133-143).**

Con motivo da tramitación do expediente para a aprobación da liquidación do orzamento do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2019, o funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais e na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria y sostibilidade Financeira, así como no artigo 16.4 e) da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF, en relación co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda, emite o seguinte

**Informe:**

**PrimeIro.- Normativa de aplicación.**

- Regulamento (CE) nº 2516/2000 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de novembro de 2000 que modifica os principios comúns do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade (SEC 95) no que se refire aos impostos e as cotizacións sociais e polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello.
- Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996, relativo ao Sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade.
- Regulamento (CE) nº 479/2009 do Consello, do 25 de maio de 2009, relativo á aplicación do Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo.
- Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de febreiro de 2011 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013 (DOCE do 26-06-2013), relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).
- Artigo 135 da Constitución Española.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sostibilidade Financeira (LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais (RDLEP).
- Lei Orgánica 6/2015, do 12 de xuño, de modificación da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sostibilidade Financeira.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade

ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado



| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 1 de 16 |
| Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Orzamentaria e sostibilidade Financeira, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.

- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IGAE.
- Guía publicada pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais, para o enchemento da Aplicación do Cálculo do Período Medio de Pago.
- Manual do SEC 95 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat.

**Segundo.- Ámbito de aplicación subxectivo.**

As entidades que integran a Corporación Local no exercicio, de acordo coa definición SEC (entidade principal e os seus entes dependentes sectorizados como AA.PP. en contabilidade nacional) son:

| Entidade | Tipo de contabilidade |
|---|---|
| Concello de Vigo | Orzamento limitativo |
| Organismo Autónomo Local Xerencia Municipal de Urbanismo | Orzamento limitativo |
| Fundación Marco | Contabilidade empresarial |
| Fundación Agencia Intermunicipal de la Energía de Vigo (FAIMEVI) | Contabilidade empresarial |
| Fundación Vigo Convention Bureau | Contabilidade empresarial |

**Terceiro.- Tramitación.**

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponde á Intervención local (art. 16 RDLEP), que elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

**Cuarto.- Instrumentación dos obxectivos.**

Entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados e en vigor (artigo 15 RDLEP).



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 2 de 16 |
|---|---|---|
| Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**CONCELLO DE VIGO**
Intervención General
Tlfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

O Consello de Ministros acordou fixar para as entidades locais os seguintes obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o período 2018-2020, así como a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española para os efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto:

| **Obxectivos (en porcentaxe do PIB)** | **2018** | **2019** | **2020** |
|---|---|---|---|
| Obxectivo de estabilidade orzamentaria: Capacidade (+) Necesidade (-) de Financiamento | 0,0% | 0,0% | 0,0% |
| Obxectivo de débeda pública | 2,7% | 2,6% | 2,5% |
| Regra de gasto (TRCPIB) | 2,4% | 2,7% | 2,8% |

En conclusión, no que se refire ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a magnitude capacidade/necesidade de financiamento deberá tomar un valor cero ou positivo.

**Quinto.- Verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Detalle dos cálculos efectuados e axustes practicados en termos de contabilidade nacional.**

Nos entes sometidos a orzamento, o cálculo da capacidade/necesidade de financiamento obtense por diferenza entre os importes dos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

No caso de que a Entidade este sometida a contabilidade empresarial o ingreso e gasto non financeiro xa é directamente o computable a efectos do Sistema Europeo de Contas (non aplican axustes).

| **CAPÍTULO** | **INGRESOS (DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS)** | **CONCELLO DE VIGO** | **XERENCIA URBANISMO** |
|---|---|---|---|
| 1 | Impostos Directos | 113.723.603,01 | 0,00 |
| 2 | Impostos Indirectos | 9.404.868,08 | 0,00 |
| 3 | Taxas e outros Ingresos | 46.103.532,58 | 1.388.415,64 |
| 4 | Transferencias Correntes | 80.911.337,24 | 6.635.398,60 |
| 5 | Ingresos Patrimoniais | 2.597.744,51 | 35.200,02 |
| **A** | **Total Ingresos Correntes** | **252.741.085,42** | **8.059.014,26** |
| 6 | Enaxenación Inversións Reais | 8.436,28 | 0,00 |
| 7 | Transferencias de Capital | 10.356.300,70 | 1.172.266,31 |
| **B** | **Total Ingresos por Oper. de Capital non Financeiras** | **10.364.736,98** | **1.172.266,31** |
| **I = A + B** | **Total Ingresos por Operacións non Financeiras** | **263.105.822,40** | **9.231.280,57** |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado

| | |
|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 3 de 16 |
| Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| CAPÍTULO | GASTOS (OBRIGAS RECOÑECIDAS) | CONCELLO DE VIGO | XERENCIA URBANISMO |
|---|---|---|---|
| 1 | Gastos de persoal | 61.216.756,71 | 3.684.194,24 |
| 2 | Gastos en bens ctes. e servizos | 122.794.130,57 | 1.413.529,47 |
| 3 | Gastos financeiros | 147,99 | 0,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 31.840.267,15 | 1.368.856,73 |
| 5 | Fondo de continxencia | 0,00 | 0,00 |
| **C** | **Total Gastos Correntes** | **215.851.302,42** | **6.466.580,44** |
| 6 | Inversións Reais | 28.556.792,51 | 599.833,34 |
| 7 | Transferencias de Capital | 646.967,12 | 217.262,71 |
| D | **Total Gastos por Oper. de Capital non Financeiras** | **29.203.759,63** | **817.096,05** |
| **II = C + D** | **Total Gastos por Operacións non Financeiras** | **245.055.062,05** | **7.283.676,49** |
| **I - II** | **Resultado das Operacións non Financeiras** | **18.050.760,35** | **1.947.604,08** |

**Axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de contabilidade nacional.**

Para a realización dos axustes consideramos o Manual da IGAE.

**Axuste 1: Rexistro en contabilidade nacional dos ingresos fiscais e asimilados (capítulos 1, 2 e 3 do orzamento de ingresos).**

En contabilidade nacional, o criterio para a imputación dos ingresos fiscais e asimilados é o de caixa, polo que nos Capítulos 1, 2 e 3 dos orzamentos de ingresos debe considerarse o importe total recadado en cada exercicio, xa sexa de corrente ou de pechados.

Deste xeito, se o importe dos dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros de exercicios corrente e pechados, efectuarase un axuste negativo que reducirá o saldo orzamentario, incrementando o déficit público da Corporación Local. Se, pola contra, a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe dos cobros do orzamento corrente e de orzamentos pechados, o axuste positivo, resultante da diferenza de valores, diminuirá o déficit en contabilidade nacional.

| CONCELLO DE VIGO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Capítulo | Contabilidade orzamentaria | | | | Contabilidade nacional | Axuste | |
| | Dereitos recoñecidos | Recad. ex. corrente | Recad. ex. pechados | Total Recadación | Importe | Maior déficit | Menor déficit |
| 1. Imp. Directos | 113723603,01 | 106.088.337,93 | 7.995.328,68 | 114.083.666,61 | 114.083.666,61 | | 360.063,60 |
| 2. Imp. Indirectos | 9.404.868,08 | 9.340.265,42 | 171.190,58 | 9.511.456,00 | 9.511.456,00 | | 106.587,92 |
| 3. Taxas e outros ingr. | 46.103.532,58 | 38.566.219,51 | 3.842.054,51 | 42.408.274,02 | 42.408.274,02 | 3.695.258,56 | |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 4 de 16
Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Total | 169.232.003,67 | 153.994.822,86 | 12.008.573,77 | 166.003.396,63 | 166.003.396,63 | 3.695.258,56 | 466.651,52 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO | | | | | | | |
| Capítulo | Contabilidade orzamentaria | | | | Contabilidade nacional | Axuste | |
| | Dereitos recoñecidos | Recad. ex. corrente | Recad. ex. pechados | Total Recadación | Importe | Maior déficit | Menor déficit |
| 3. Taxas e outros ingr. | 1388415,64 | 1.338.815,64 | 85.286,04 | 1.424.101,68 | 1.424.101,68 | | 35.686,04 |

**Axuste 2: Tratamento das entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento.**

En contabilidade nacional, as entregas a conta dos Impostos cedidos e do Fondo Complementario de Financiamento contabilízanse no exercicio en que se realizan, é dicir, cando se satisfán polo Estado a favor da Corporación Local, e as liquidacións definitivas deben imputarse ao exercicio en que se determina a súa contía e páganse polo Estado.

Por tanto, outro axuste que debe realizarse constitúeo o importe que debe reintegrarse ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios anteriores polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingreso por este concepto. Axuste que deberá realizarse no caso de orzar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, considerando que o Estado realiza un axuste negativo.

| | |
|---|---|
| Devolución liquidación PIE 2008 en 2019 (+) | 543.137,28 |
| Devolución liquidación PIE 2009 en 2019 (+) | 2.110.929,24 |
| Devolución liquidación PIE outros exercicios en 2019 (+) | 0,00 |
| Liquidación definitiva da PTE do exercicio 2017 en 2019 (-) | -2.535.351,50 |
| Entrega a conta mes 12/2018 ingresada en 01/2019 (-) | -6.756.765,14 |
| Entrega a conta mes 12/2019 ingresada en 01/2020 (+) | 8.572.373,93 |
| Total | 1.934.323,81 |

Polo tanto, haberá que practicar un axuste positivo (menor déficit) por importe de 1.934.323,81 euros.

**Axuste 3: Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao Orzamento de Gastos.**

A aplicación do principio do deveño para o rexistro das obrigacións implica o cómputo de calquera gasto efectivamente realizado no déficit dunha unidade pública, con independencia do momento en que ten lugar a súa imputación orzamentaria.



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 5 de 16 |
| Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Por tanto, se o saldo final da conta 413 é maior (menor) que o inicial, a diferenza dará lugar a un axuste como maior (menor) gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando (diminuíndo) o déficit da Corporación Local.

| CONCELLO DE VIGO | |
|---|---|
| Saldo conta 413 a 1 de xaneiro | 999.609,09 |
| Saldo conta 413 a 31 de decembro | 559.504,27 |
| MAIOR GASTO NON FINANCEIRO | 440.104,82 |

**Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento:**

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os dereitos recoñecidos nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e as obrigas recoñecidas nos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, bota capacidade/necesidade de financiamento.

| CONCEPTOS | CONCELLO DE VIGO | XERENCIA URBANISMO |
|---|---|---|
| Dereitos Recoñecidos capítulos I a VII orzamento corrente | 263.105.822,40 | 9.231.280,57 |
| Obrigas Recoñecidas capítulos I a VII orzamento corrente | 245.055.062,05 | 7.283.676,49 |
| **a) SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO** | **18.050.760,35** | **1.947.604,08** |
| AXUSTES | | |
| Axuste por recadación ingresos Capitulo 1 | 360.063,60 | 0,00 |
| Axuste por recadación ingresos Capitulo 2 | 106.587,92 | 0,00 |
| Axuste por recadación ingresos Capitulo 3 | -3.695.258,56 | 35.686,04 |
| Axuste por Impostos cedidos e FCF | 1.934.323,81 | 0,00 |
| Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento | 440.104,82 | 0,00 |
| Axuste por devolucións de ingreso pendentes de aplicar | 0,00 | 0,00 |
| Outros | 0,00 | 0,00 |
| **b) TOTAL AXUSTES** | **-854.178,41** | **35.686,04** |
| **c) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (a + b)** | **17.196.581,94** | **1.983.290,12** |

**Informe de avaliación-resultado de estabilidade orzamentaria grupo Administración Pública Concello de Vigo:**



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 6 de 16
Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**CONCELLO DE VIGO**
Intervención General
Tlfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

| Entidade | Ingreso non financeiro | Gasto non financeiro | Axustes propia entidade | Axustes por operacións internas | Capacidade/ Necesidade de financ. |
|---|---|---|---|---|---|
| Concello Vigo | 263.105.822,40 | 245.055.062,05 | -854.178,41 | 0,00 | 17.196.581,94 |
| Xerencia Urbanismo | 9.231.280,57 | 7.283.676,49 | 35.686,04 | 0,00 | 1.983.290,12 |
| Fundación Marco | 813.352,24 | 828.564,84 | 0,00 | 0,00 | -15.212,60 |
| Fundación Vigo Convention Bureau | 475.000,00 | 454.217,78 | 0,00 | 0,00 | 20.782,22 |
| FAIMEVI | 18.711,61 | 10.061,29 | 0,00 | 0,00 | 8.650,32 |
| **CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO** | | | | | **19.194.092,00** |
| **OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA CONTEMPLADO NO PEF 2019-2020** | | | | | **5.551.583,63** |

A liquidación dos orzamentos do exercicio 2019 das entidades que están dentro do sector AA.PP. da Corporación Local bota un superávit, en termos de capacidade de financiamento SEC 2010, de 19.194.092,00 euros.

Tendo en conta que a Corporación Local ten aprobado un Plan Económico-Financeiro en vigor para o período 2019-2020 que contempla un obxectivo en 2019 de capacidade de financiamento ou superávit de 5.551.586,63 euros, **a corporación Local CUMPRE co obxectivo de estabilidade orzamentaria.**

**Sexto.- Cumprimento da Regra de Gasto.**

Para as Corporacións locais (artigo 12 da LOEPSF) cúmprese a Regra do Gasto, se a variación do gasto computable entre dous exercicios económicos non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, fixada polo Goberno para o ano 2019 no 2,7%.

Enténdese por gasto computable, os empregos non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (isto é, consolidados e axustados a criterios de Contabilidade Nacional), excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. A sensu contrario, cando se aproban cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recadación deberían considerarse para minorar o cálculo (art. 12.4 LOEP).

**Cálculo do gasto computable.**



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 7 de 16 |
| Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**CONCELLO DE VIGO**
Intervención General
Tlfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

| CONCEPTO | CONCELLO | XERENCIA URBANISMO |
|---|---|---|
| Empregos non financeiros excepto intereses débeda | 245.054.914,06 | 7.283.676,49 |
| AXUSTES según o SEC | | |
| (-) Alleamento inversións reais | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Inversións realizadas por conta doutra AAPP | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Execución de avais | 0,00 | 0,00 |
| (+) Achegas de capital | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Asunción e cancelación de débedas | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Gastos do exerc. pendentes de aplicar ao presuposto | -440.104,82 | 0,00 |
| (+/-) Gastos pendentes de aplicación conta 555 | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Pagos a socios privados no marco das Asoc. Público Priv. | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Adquisicións con pago aprazado | 0,00 | 0,00 |
| (+/-) Arrendamento financeiro | 0,00 | 0,00 |
| (+) Préstamos | 0,00 | 0,00 |
| (-) Mecanismo extraordinario de pago a provedores 2012 | 0,00 | 0,00 |
| (-) Pagos a outras AAPP vinculadas ao financiamento global da súa actividade (MAIV, ELM Bembrive). | -455.893,57 | 0,00 |
| Total axustes SEC | -895.998,39 | 0,00 |
| Empregos non financeiros SEC excepto intereses débeda | 244.158.915,67 | 7.283.676,49 |
| (-) Pagos por transferencias y otras operacións internas | 7.075.000,00 | 1.368.856,73 |
| *Transferencia á Xerencia Municipal de Urbanismo* | *5.940.000,00* | *0,00* |
| *Transferencia á Fundación Marco* | *605.000,00* | *0,00* |
| *Transferencia á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía* | *0,00* | *0,00* |
| *Transferencia á Fundación Laxeiro* | *80.000,00* | *0,00* |
| *Transferencia á Fundación Liste* | *125.000,00* | *0,00* |
| *Transferencia á Fundación Vigo en Deporte (VIDE)* | *125.000,00* | *0,00* |
| *Transferencia á Fundación Vigo Convention Bureau* | *200.000,00* | *0,00* |
| *Transferencia ao Concello de Vigo* | *0,00* | *1.368.856,73* |
| (-) Gasto financiado con fondos finalistas da UE e AAPP | 16.889.518,13 | 672.260,01 |
| *UE* | *2.575.296,69* | *0,00* |
| *Estado* | *1.461.037,37* | *183.262,71* |
| *Comunidade Autónoma* | *4.819.164,65* | *488.997,30* |
| *Deputacións* | *8.034.019,42* | *0,00* |
| Total de Gasto computable do exercicio | 220.194.397,54 | 5.242.559,75 |
| Diminución gasto computable por inversións financeiramente sostibles (DA 8 LO 9/2013) | 8.059.683,10 | 0,00 |
| Gasto computable a efectos de verificar o cumprimento da regra | 212.134.714,44 | 5.242.559,75 |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 8 de 16 |
| Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Información para a aplicación da regra de gasto. Entes dependentes sectorizados como Administración Pública.**

| **Ente** | **FAIMEVI** | **Fundación MARCO** | **Vigo Conv. Bureau** |
|---|---|---|---|
| Aprovisionamentos | 35,71 | 120.572,60 | 0,00 |
| Gastos de persoal | 0,00 | 277.068,75 | 161.045,58 |
| Outros gastos de explotación | 10.025,58 | 429.295,49 | 292.251,30 |
| Imposto de sociedades | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Outros impuestos | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Gastos excepcionais | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Variaciones do Inmov. material e intanxible; de inv. inmoviliarias; de existencias | 0,00 | 0,00 | 920,90 |
| Variación de existencias de productos terminados e en curso de fabricación, conta de PyG (1) | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Aplicación de Provisións | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Inversións efectuadas por conta da Entidade local | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Axudas, transferencias e subvencións concedidas | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Empregos non financeiros termos SEC excepto intereses da débeda | 10.061,29 | 826.936,84 | 454.217,78 |
| (-) Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras entidades que integran la Corporación Local (2) | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| (-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións públicas | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Unión Europea | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Estado | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Comunidade Autónoma | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Deputacións | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Outras Administracións Públicas | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **Gasto computable do exercicio** | **10.061,29** | **826.936,84** | **454.217,78** |

**Detalle do gasto financiado con fondos finalistas das AAPP.**

**I.- Concello de Vigo.**



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 9 de 16
Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Código | Axente financiador | Descripción | CF | Gasto 2019 | Ajuste en RG |
|---|---|---|---|---|---|
| 14933010 | Deputación de Pontevedra | Obras Estadio Balaídos | 50,00 % | 819.405,50 | 409.702,75 |
| 18153200 | Deputación de Pontevedra | Plan asfaltado | 100,00 % | 365.792,06 | 365.792,06 |
| 18153202 | Deputación de Pontevedra | Carril bici Teis-Samil | 75,60 % | 2.682.712,45 | 2.028.130,61 |
| 18153210 | Deputación de Pontevedra | Humanización Estrada Provincial | 79,87 % | 1.809.097,21 | 1.444.925,94 |
| 18336001 | Deputación de Pontevedra | Recuperación Finca Solita | 100,00 % | 169.771,11 | 169.771,11 |
| 18342006 | Deputación de Pontevedra | Construción pavillón Quirós | 52,93 % | 897.564,13 | 475.080,69 |
| 18342007 | Deputación de Pontevedra | Instalacións deportivas Romil 77 | 61,42 % | 1.471.725,38 | 903.933,73 |
| 18342009 | Deputación de Pontevedra | Mellora instalacións baixo grada Río | 42,77 % | 1.498.620,67 | 640.960,06 |
| 18342014 | Deputación de Pontevedra | Renovación instalacións campos fútbol | 55,00 % | 1.934.949,94 | 1.064.222,47 |
| 19432009 | Deputación de Pontevedra | Promoción turística | 100,00 % | 233.000,00 | 233.000,00 |
| 19338000 | Deputación de Pontevedra | Festival urbano Marisquiño | 36,30 % | 500.000,00 | 181.500,00 |
| 19341020 | Deputación de Pontevedra | Ascenso división honra plata masculino | 22,73 % | 22.000,00 | 5.000,00 |
| 19341021 | Deputación de Pontevedra | Final copa Europa baloncesto | 16,67 % | 30.000,00 | 5.000,00 |
| 19241003 | Deputación de Pontevedra | Festival Seafest | 32,26 % | 155.000,00 | 50.000,00 |
| 19334022 | Deputación de Pontevedra | Promoción cultural ópera Tosca Puccini | 100,00 % | 10.000,00 | 10.000,00 |
| 19341022 | Deputación de Pontevedra | Trofeo de piragüismo e vela 2019 | 20,00 % | 10.000,00 | 2.000,00 |
| 19241015 | Deputación de Pontevedra | Feira Metal Mindtech | 45,00 % | 100.000,00 | 45.000,00 |
| **Subtotal Deputación de Pontevedra** | | | | | **8.034.019,42** |
| 18231006 | Xunta de Galicia | Plan Local Drogas | 42,18 % | 69.725,00 | 29.408,37 |
| 18241006 | Xunta de Galicia | Mellora zonas verdes e beirarrúas | 100,00 % | 100.872,95 | 100.872,95 |
| 19241011 | Xunta de Galicia | Programa Vigo Robotics | 100,00 % | 4.733,52 | 4.733,52 |
| 18241010 | Xunta de Galicia | Obradoiro Formaweb II | 100,00 % | 69.259,21 | 69.259,21 |
| 18241011 | Xunta de Galicia | Vigo Capacita V | 93,61 % | 263.260,35 | 246.438,01 |
| 18924014 | Xunta de Galicia | Aula Cemit | 100,00 % | 14.519,99 | 14.519,99 |
| 19153207 | Xunta de Galicia – Agader | Reforzo de firme Avda. Santa Marina | 80,76 % | 91.412,12 | 73.827,00 |
| 19231017 | Xunta de Galicia | Centros inclusión e emerxencia social | 82,53 % | 53.484,79 | 44.141,40 |
| 19231100 | Xunta de Galicia | Promoción da igualdade | 100,00 % | 38.763,80 | 38.763,80 |
| 19241005 | Xunta de Galicia | Mellora zonas verdes e beirarrúas | 100,00 % | 192.312,49 | 192.312,49 |
| 19241008 | Xunta de Galicia | Programa integrado emprego | 100,00 % | 4.714,67 | 4.714,67 |
| 19241009 | Xunta de Galicia | Obradoiro Formaweb III | 95,81 % | 85.892,95 | 82.294,04 |
| 19241017 | Xunta de Galicia | Vigo Integra VI | 100,00 % | 15.786,77 | 15.786,77 |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 10 de 16 |
|---|---|---|
| Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 19333101 | Xunta de Galicia – Agadic | Programación auditorio municipal | 100,00 % | 21.467,40 | 21.467,40 |
| ---------- | Xunta de Galicia | Plan concertado | | | 3.699.411,37 |
| ---------- | Xunta de Galicia | Programa de drogodependencia | | | 181.213,66 |
| **Subtotal Xunta de Galicia** | | | | | **4.819.164,65** |
| 18241018 | Administración do Estado | Vigo polo emprego da mocidade | 100,00 % | 320,00 | 320,00 |
| 19241004 | Administración do Estado | Vigo pola inserción laboral | 100,00 % | 8.665,38 | 8.665,38 |
| 19337001 | Administración do Estado | Programa ocio alternativo prev. Drogas | 70,00 % | 253.842,94 | 177.690,06 |
| ---------- | Administración do Estado | Subvención transporte urbano | | | 1.274.361,93 |
| **Subtotal Administración do Estado** | | | | | **1.461.037,37** |
| 17153900 | Unión Europea | DUSI, GRAN VIA, OT4/OT6 | 100,00 % | 1.156.778,99 | 1.156.778,99 |
| 17153903 | Unión Europea | DUSI PORTA DO SOL, OT4/OT6 | 100,00 % | 1.032.303,89 | 1.032.303,89 |
| 18920713 | Unión Europea | DUSI,, OT2, LA2, Accesibilidade TIC, inmaterial | 80,00% | 32.657,90 | 26.126,32 |
| 18920715 | Unión Europea | DUSI, OT2, LA4, platafora smart city, inmaterial | 80,00% | 118.554,80 | 94.843,84 |
| 18920703 | Unión Europea | DUSI, OT2,LA2, Accesibilidade TIC, Equipos | 80,00% | 106.197,00 | 84.957,60 |
| 18920704 | Unión Europea | DUSI OT2, LA3 Cartón Identidade | 80,00% | 28.604,40 | 22.883,52 |
| 18153900 | Unión Europea | DUSI Comunicación | 80,00 % | 1.155,85 | 924,68 |
| 18241051 | Unión Europea | DUSI OT19 LA16 Emprendedores e pemes | 80,00 % | 83.144,28 | 66.515,42 |
| 18920712 | Unión Europea | DUSI OT1 Administración Electrónica | 80,00 % | 112.453,04 | 89.962,43 |
| **Subtotal Unión Europea** | | | | | **2.575.296,69** |
| **Total gasto financiado con fondos finalistas das Administracións Públicas** | | | | | **16.889.518,13** |

## II.- Organismo Autónomo Local Xerencia Municipal de Urbanismo.

| Aplicación(s) | Axente financiador | Descripción | C.F. | Gasto 2019 | Axuste en RG |
|---|---|---|---|---|---|
| 2279907/2279908 | Xunta de Galicia | Oficina rehabilitación | 100,00 % | 203.280,00 | 203.280,00 |
| 2270602 | Xunta de Galicia | Desenvolvemento Plan Xeral | 50,00 % | 571.434,60 | 285.717,30 |
| 7800013 | Xunta de Galicia / Estado | Axudas rehabilitación Coia | 100,00 % | 36.997,41 | 36.997,41 |
| 7801300 | Xunta de Galicia / Estado | Axudas rehabilitación C.V. fase 13 | 100,00 % | 2.215,34 | 2.215,34 |
| 7801400 | Xunta de Galicia / Estado | Axudas rehabilitación C.V. fase 14 | 100,00 % | 24.483,22 | 24.483,22 |
| 7801500 | Xunta de Galicia / Estado | Axudas rehabilitación vivendas | 100,00 % | 118.431,46 | 118.431,46 |
| 7809000 | Xunta de Galicia / Estado | Axudas rehabilitación Bouzas f.9 | 100,00 % | 1.135,28 | 1.135,28 |
| **Total gasto financiado con fondos finalistas das Administracións Públicas** | | | | | **672.260,01** |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 11 de 16
Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**III.- Entes dependentes do Concello de Vigo sectorizados como Administración Pública: Fundación Marco, Fundación "Agencia Intermunicipal de la Energía de Vigo e "Vigo Convention Bureau".**

Ningún dos entes dependentes realizou gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións públicas.

**Detalle de diminución do gasto computable por inversións financeiramente sostibles executadas polo Concello de Vigo (D.A. 6ª L.O. 9/2013).**

**Superávit 2017:**

| PROXECTO | DEFINICIÓN | IMPORTE MC | GASTO NO 2019 |
|---|---|---|---|
| 18153270 | H. G. Barbón entre S. Avendaño e R. Castor, marxen impar | 512.138,13 | 398.006,38 |
| 18153271 | Fase 3 humanización Gregorio Espino | 1.412.001,94 | 1.121.177,27 |
| 18153272 | Humanización fase 5 Rúa Aragón | 1.033.308,31 | 772.933,86 |
| 18153273 | H. Rúa Camelias entre J.R. Jimenez e Hispanidade | 2.165.000,00 | 1.379.512,20 |
| 18153274 | Humanización Rúa Coutadas | 275.000,00 | 275.000,00 |
| 18153275 | Integración Urbana vía verde dende Chapela a Urzaiz (fase I) | 1.400.000,00 | 448.788,14 |
| 18153277 | Humanización Praza de América | 1.900.000,00 | 1.521.678,10 |
| 18165070 | Prog. renov. elementos iluminación viaria (eficiencia enerxética) | 650.000,00 | 649.985,87 |
| 18323070 | Cubrición patio colexio Canicouva | 277.551,62 | 255.007,34 |
| 18323071 | Cubrición patio colexio García Barbón | 275.000,00 | 154.314,47 |
| 18171070 | Parque infantil en Rúa G., de la Fuente (Instituto Calvario) | 500.000,00 | 496.751,92 |
| 18171071 | Parque infantil Praza de Maruja Mallo | 400.000,00 | 408.541,28 |
| 18171072 | Parque en Bouzas | 200.000,00 | 177.986,27 |
| | | 11.000.000,00 | 8.059.683,10 |

- **Verificación do cumprimento da Regra de Gasto.**

O cálculo do gasto computable do ano n-1 (2018) realizarase a partir da liquidación do Orzamento do devandito exercicio.



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 12 de 16 |
|---|---|---|
| Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Entidade | Gasto máximo admisible Regra de Gasto | | | | Gasto computable liquidación 2019 (5) |
|---|---|---|---|---|---|
| | Gasto computable Liquid. 2018 (1) | (2) = (1)*(1+TRCPIB) | (+/-) Recadación por cambios normativos 2019 (3) | Límite regra de gasto (4)=(2)+(3) | |
| Fundación Marco | 757.094,27 | 777.535,82 | 0,00 | 777.535,82 | 826.936,84 |
| FAIMEVI | 12.608,36 | 12.948,79 | 0,00 | 12.948,79 | 10.061,29 |
| Concello de Vigo | 227.418.307,67 | 233.558.601,98 | 0,00 | 233.558.601,98 | 212.134.714,44 |
| Vigo Conv. Bureau | 443.671,64 | 455.650,77 | 0,00 | 455.650,77 | 454.217,78 |
| Xerencia Urbanismo | 579.169,20 | 594.806,77 | 0,00 | 594.806,77 | 5.242.559,75 |
| Total Gasto comput. | 229.210.851,14 | 235.399.544,13 | 0,00 | **235.399.544,13** | **218.668.490,10** |

| | |
|---|---|
| Taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española 2019 | 2,70 % |
| Límite máximo de gasto non financeiro (regra de gasto) | 235.399.544,13 |
| Gasto computable exercicio 2019 | 218.668.490,10 |
| Diferencia entre o límite da Regra de Gasto e o Gasto computable 2019 (4)-(5) | 16.731.054,03 |
| % incremento gasto computable 2019 s/ 2018 | -4,60 % |

Tendo en conta que a Corporación Local ten aprobado un Plan Económico-Financeiro en vigor para o período 2019-2020 que contempla un límite da regra de gasto en 2019 de 235.399.544,13 euros, A CORPORACIÓN LOCAL CUMPRE CO LÍMITE DA REGRA DE GASTO ESTABLECIDO NO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO (PEF) VIXENTE NO EXERCICIO.

**Sétimo.- Sostibilidade financeira.**

**a) Cumprimento do límite de débeda.**

A LOEPSF (art. 13) establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que foi fixado no 2,6% do PIB para o exercicio 2019.

Dado que para a administración local non se estableceu unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013:



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado

| | |
|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 · Páxina 13 de 16 |
| Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1 |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*“Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.*

*A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluirán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.”*

Non obstante o límite de débeda determinarase nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do Estado español, e neste computaríanse só os avais executados.

| **NIVEL DE DÉBEDA VIVA PDE AO FINAL DO PERÍODO** | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Entidade | Débeda a curto prazo | Operacións con Entidades de crédito | Factoring sen recurso | Arrendamento financeiro | Asociacións publico privadas | Pagos aprazados por operacións con terceiros | Outras operaciones de crédito | Con AA PP. solo FFEELL | Total Débeda viva PDE final do período |
| FAIMEVI | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| F. Marco | 85.455,54 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 85.455,54 |
| Concello de Vigo | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Vigo Conv. Bureau | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| XMU | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | **85.455,54** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **0,00** | **85.455,54** |

O volume de débeda viva a 31.12.2019 en termos de porcentaxe sobre os ingresos correntes, deducidos os ingresos afectados e os que teñan carácter extraordinario, bota o seguinte dato:

| **Coeficiente de endebedamento** | **Importe** |
|---|---|
| Capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto prazo (1) | 85.455,54 |
| Capital vivo das operacións de crédito vixentes a longo prazo (2) | 0,00 |
| Risco deducido de avais (3) | 0,00 |
| Importe da operación proxectada (4) | 0,00 |
| Volume total do capital vivo (5)=(1)+(2)+(3)+(4) | 85.455,54 |
| Ingresos correntes axustados (6) | 251.341.373,65 |
| Coeficiente de endebedamento (7)=((5)/(6))*100 | 0,03 % |



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 14 de 16
Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por baixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e por baixo do 75 % límite que establece a Disposición adicional 74ª da LPGE para 2014, polo que non resultaría preceptiva a autorización do órgano de tutela financeira para concertar novas operacións de préstamo, de considerar esta opción.

**b) Débeda comercial. Período medio de pago.**

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou atraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común.

O período medio de pago definido no Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, mide o atraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. A estes efectos, considéranse como número de días de pago o número de días dende a data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

Deste xeito, durante o exercicio 2019 o PMP foi o seguinte:

| Institución | Xaneiro | Febreir | Marzo | Abril | Maio | Xuño | Xullo | Agosto | Set. | Outubr. | Nov. | Dec. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ent. Local | 15,65 | 10,02 | 11,61 | 9,54 | 8,78 | 11,89 | 12,38 | 13,98 | 14,89 | 11,75 | 10,40 | 9,11 |
| FAIMEVI | 78,9 | 108,26 | 139,02 | 168,79 | 199,56 | 230,69 | 261,02 | 292,21 | 321,97 | 352,72 | 382,49 | 413,25 |
| MARCO | 42,34 | 29,51 | 49,76 | 42,28 | 39,63 | 27,59 | 28,50 | 47,72 | 36,52 | 30,30 | 52,18 | 79,11 |
| XMU | 7,85 | 7,95 | 13,28 | 5,77 | 8,93 | 13,01 | 9,67 | 19,04 | 21,68 | 10,09 | 8,98 | 11,00 |
| V. C.BUREAU | 935,92 | 50,96 | 17,66 | 44,07 | 10,29 | 38,28 | 65,41 | 63,62 | 23,90 | 9,49 | 22,74 | 8,42 |
| PMP Global | 17,29 | 10,27 | 12,17 | 9,77 | 9,02 | 12,03 | 12,54 | 14,34 | 15,18 | 11,92 | 10,78 | 9,40 |

Polo que o PMP global foi inferior ao prazo máximo de pago establecido na normativa en materia de morosidade.

**Conclusións sobre o cumprimento dos obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de débeda.**

Examinados os datos de execución do Orzamento e/ou dos estados financeiros das entidades que forman parte do Sector Administracións Públicas desta Corporación Local correspondentes á liquidación do exercicio 2019, esta intervención, en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, informa:



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 15 de 16
Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Primeiro.-** A corporación local CUMPRE o obxectivo de Estabilidade Orzamentaria que contempla o Plan Económico Financeiro aprobado.

| | |
|---|---|
| Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento | 19.194.092,00 |
| Obxectivo de estabilidade orzamentaria contemplado no PEF 2019-2020 | 5.551.583,63 |

**Segundo.-** A corporación local CUMPRE o límite da regra de gasto establecido no plan económico financeiro (PEF) vixente no exercicio.

| | |
|---|---|
| Límite máximo de gasto non financeiro (regra de gasto) | 235.399.544,13 |
| Gasto computable exercicio 2019 | 218.668.490,10 |
| Diferencia entre o límite da Regra de Gasto e o Gasto computable 2019 (4)-(5) | 16.731.054,03 |
| % incremento gasto computable 2019 s/ 2018 | -4,60 % |

**Terceiro.-** A corporación local cumpre o límite de débeda.

| | |
|---|---|
| Nivel de débeda viva PDE ao final do período | 85.455,54 |
| Coeficiente de endebedamento artigo 53 TRLRFL | 0,03 % |

**Cuarto.-** O período medio de pagamento é inferior ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pago a provedores.

En Vigo na data consignada ao marxe
O Interventor Xeral,
Asdo. Alberto Escariz Couso
documento asinado electrónicamente



ASINADO POR: Interventor Xeral (Alberto Escariz Couso) 2020-02-10T13:54:52+01:00 -

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 21/02/2020 07:53 | Páxina 16 de 16 |
| Expediente 133/143 | CSV: 26EAEA-21C2E8-5A8853-WCS796-6P6PJ2-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |